



BOLETÍN DO LECTOR

XUÑO 2011 – BOLETÍN TRIMESTRAL PARA GRANDES E PEQUENOS LECTORES



Como cabería esperar rematamos esta fase adicando o noso Boletín a unha das últimas letras do abecedario que tan ben encaixa no momento que estamos a **V**i**V**ir: o **V**erán, as **V**acacións, as **V**enturas,...

Esperamos ter sido de axuda aos nosos grandes e pequenos lectores e desexamos dende aquí unha boa **V**iaxe a todos e todas.



O ABRIGO MISTERIOSO

Todas as mañás, o señor Abellón saía da súa casa cun abrigo enorme. Levaba algo agachado, pero non dabamos visto o que era porque, en canto saía pola porta, liscaba rúa abaixo a toda présaa.

Polas tardes, cando volvía a casa, o abrigo seguía tan abultado como pola mañá.

Os tres tiñamos moita curiosidade por saber o que agachaba o señor Abellón debaixo do seu abrigo. Por iso, decidimos segui-lo sen que se decatase.

Un día vímolos sentar tranquilamente nun banco. O seu abrigo non paraba de moverse e, de cando en vez, o señor Abellón gruñía e facía *cua-cua, beee, ...*

Ou non sería o señor Abellón?

Outro día vimos que medrara moitísimo.

Noutra ocasión vimos caer unhas boliñas por debaixo do abrigo. Tamén vimos saír unhas pingueiras que formaron un charco no cha.

Moi intrigados, seguímolos ata a súa casa ...

...e mesmo cando íamos mirar pola ventá, zas!, baixou a persiana. Parecía imposible descubrir o que agachaba o señor Abellón!

Unha tarde aconteceu algo increíble: un animal longo e verde saltou do abrigo e foi caer ao río

"Non te preocupes, meu amigo!", gritou o señor Abellón. "Xa te axudo eu!".

Meu amigo? Era difícil crer que un crocodilo fose amigo de ninguén, pero alí fomos axudar ao señor Abellón a sacalo do río. Non foi doado, porque pesaba moitísimo.

Entre todos, levámolos á casa. Cando chegamos, o señor Abellón sacou o abrigo e...
...descubríunos o seu segredo:

"Son o director do zoolóxico e, como non me gusta deixar os meus amigos sós pola noite, veñen durmir comigo á casa. Queredes pasar?".


Agora o señor Abellón sae da casa polas mañás un pouco máis delgado, e nós, un pouco máis gordos.

O abrigo misterioso
Jeannette Jennings


E. Infantil

Calquera título das coleccións:


¿Quién soy?
¿Cómo soy?
¿Dónde vivo?



Editorial Combel



Sistema Solar
Ed. MacMillan



Ola, ola, la!. (Inclúe CD)
Mamacabra.
Bocaberta edicións




Os mil blancos dos esquimós
Isabel Minhós Martins
OQO Editora



Unha familia normal
Daniela Kulot
Faktoría K de libros

Primeiro ciclo



Tío elefante
Arnold Lobel
Ed. Kalandraka




Coas mans baleiras
Ana Tortosa e Cecilia Varela
OQO editora



O medo de Mo
Xosé A. Neira Cruz
Ed. MacMillan




Un poema en la barriga
Eulalia Canal
Edita OUP



El camino más corto
Sergio Lairla
Ed. Bambú

El cumpleaños de Mini
Christine Nöstlinger
Ed. S.M.







Los 10 mejores juegos del mundo
Ángels Navarro
Ed. Combel

Segundo Cielo


Melodía en la ciudad
Benjamin Lacombe
Edelvives



Violeta non é Violeta
Xosé A. Neira Cruz
Ed. MacMillan



Palabras brancas
Elvira Riveiro Tobío
Edicións Xerais



A maravillosa medicina de George
Roald Dahl
Edicións Xerais

Terceiro Cielo




O paporrubio que se foi
Yuca
Ed. Galaxia. Co. Árbore



Sireno, sireno!
An Alfaya
Edicións Xerais




Xenaro e o misterio da mochila verde
Mar Guerra
Edicións Xerais



El Principito (pop-up)
Antoine de Saint-Exupéry
Ed. Salamandra



Los viajes de Gulliver
Jonathan Swift
Ed. Vicens-Vives



Mi vida es un cuento
Janet Tashjian
Ed. MacMillan

Rematamos coas

IMAXES LITERARIAS

máis significativas neste ano escolar



Bo verán e felices lecturas!

